



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
Av. Fernando Blanco, 99 – 15270 Cee
Tlf.: 881 880 467
ies.fernando.blanco@edu.xunta.gal



UNIÓN EUROPEA

Estimados/as pais/nais:

Diríxome a vostede para informarlle sobre as probas homologadas ás que debe presentarse o alumnado do Plan Cuale (A1 / B2) se desexan obter a certificación do nivel **básico ou intermedio**.

O alumnado procedente dos cursos CUALE 2022/23 que se matricule para realizar as probas de certificación terá carácter de alumnado oficial para os efectos do número de convocatorias, polo que disporá das **convocatorias ordinaria e extraordinaria** para superar as probas correspondentes, unicamente no idioma e nivel cursado no programa CUALE, e **non terá que aboar prezos públicos** polo acceso ás probas de certificación. Esta exención inclúe o concepto de apertura de expediente académico.

Se se considera que algún/a alumno/a CUALE poidera optar ao nivel inmediatamente superior ao que este inscrito/a, poderíase de xeito extraordinario, matricular no nivel inmediatamente superior nas probas de certificación das EOI.

DATAS DAS PROBAS: A parte escrita da proba de certificación de nivel **A2 (básico) e B1 (intermedio)** realizarase na primeira quincena do mes de xuño, na convocatoria ordinaria, e a partir do 20 de xuño, na convocatoria extraordinaria, de acordo co calendario que estableza cada escola, que deberá publicarse tanto nos taboleiros de anuncios como na páxina web da escola. Excepcionalmente, de acordo coas necesidades das escolas, as probas da convocatoria ordinaria destes niveis poderán realizarse na última semana do mes de maio.

As datas das probas de produción e coprodución de textos orais e de mediación oral serán fixadas por cada escola, que deberá facelas públicas, cando menos, con 3 días de antelación. Estas probas poderán realizarse antes ou despois das probas escritas. Con carácter excepcional poderán realizarse probas orais na última semana do mes de maio.

MATRÍCULA: A matrícula realizarase en liña, dende o enderezo seguinte:

<https://www.informaticacentros.com/xunta/> EOI A Coruña - Sección Cee

Prazo de matrícula: do 10 ao 14 de abril de 2023. A aplicación web permanecerá aberta ata as 12:00 do mediodía do 14 de abril.

Documentación:

Para formalizar a matrícula, o alumnado deberá presentar, a través da aplicación web, a seguinte documentación:

- **Impreso de matrícula** xerado pola aplicación web da matrícula
- Unha **fotocopia do DNI**

A documentación presentarase dende a ligazon: <https://informaticacentros.com/xunta/>

INFORMACIÓN: IES Fernando Blanco: Tlf: 881 880 467 - ies.fernando.blanco@edu.xunta.gal

EOI de Cee: 629 305 739

Esperando que esta información sexa do seu interese, reciban un cordial saúdo.

Cee, 30 de marzo de 2023

A profesora de CUALE


María Jesús Castro López



A directora


Consuelo Trillo Lago

Fernando Blanco